

para  
**CONVERSAR**

Jorge Mira

## Deus asasinado pola ciencia?

*Unha pregunta clásica, que nos últimos tempos parece responderse cada vez máis cun “si”*

**E**n certo modo, ese “si” obedece a unha inercia histórica; posto que todos temos asumida a imaxe do clásico pobo indio americano que adora ao Deus que fai caer auga do ceo ata que... entra en contacto cos colonizadores occidentais, que co seu saber científico lle matan ese Deus ao descubrirlles que a chuvia é un fenómeno natural. Este exemplo é un clásico


*“A Física traballa e triunfa porque ten algo no que pousar os ollos e responder ás preguntas”*

para ilustrar como o avance da luz da ciencia vai recurtando a sombra do dominio do sentimento relixioso

creado para dar explicación ao descoñecido. O argumento extrapólase ata o extremo de afirmar que calquera idea de Deus será exterminada, máis tarde ou máis cedo, pola ciencia, o cumio da capacidade intelectual da nosa especie.

Esa capacidade humana plásmase á perfección na brillante e fermosa Teoría da Relatividade Xeral de

*“Dicir que o universo se creou a partir da nada é tan acto de fe como dicir que foi creado por Deus. A ciencia non poderá matar a Deus demostrando que o todo partiu da nada, nin tampouco demostrar a súa existencia”*



Georges Lemaître

Albert Einstein (1916), que explica a mecánica do universo. Para iso baséase nunha vara de medir que, aparte de estar fabricada coas tres dimensións espaciais (longo, largo e alto), incorpora unha cuarta: o tempo. Esta circunstancia

conleva que esa vara de medir se vai inflando co paso do tempo e, polo tanto, que o universo tamén se vai inflando.

Que vaia medrando implica que no pasado estaba máis concentrado e, indo ata o límite, a Física conclúe que hai uns 14000 millóns de anos o universo que habitamos tivo unha orixe: o Big Bang, a orixe da materia da que estamos feitos, a orixe do noso espazo, a orixe do noso tempo; unha idea, por certo, concebida por primeira vez polo sacerdote católico e físico belga Georges Lemaître (1894-1966).

*“É a pregunta máis elevada que pode formular o ser humano: de onde saíu isto do que estamos feitos nós e o que nos rodea?”*

As evidencias experimentais confirman cada vez máis esa imaxe predita pola teoría do sacerdote belga, unha indubidable victoria da nosa intelixencia, que descobre que o que nos rodea se rexe por unhas leis coñecidas ante cuxa fermosura nos extasiamos. Os astros están sometidos á gravidade e o *homo sapiens* é o paso máis recente da evolución natural dunha

vida que predeu no noso planeta hai uns 3000 millóns de anos. Agora ben, a Física traballa e triunfa porque ten algo no que pousar os ollos e responder ás preguntas. Pero... que ocorrerá coa pregunta esencial? “De onde saíu todo isto?”


É a pregunta máis elevada que pode formular o ser humano: de onde saíu isto do que estamos feitos nós e o que nos rodea? As leis da ciencia rexen a evolución do que coñecemos, pero tirando do fío chegará un punto no que atopemos os abismos da *nada* e o *infinito* (mesmo o tempo parece non ir máis aló do Big Bang), e os conceptos de *nada* e *infinito* sonnos tan imposibles de aprehender como o concepto de Deus, dada a nosa natureza finita. Que imos dicir do infinito ou a eternidade uns seres que vivimos

no marco no que necesitamos poñer un principio e un final ás cousas...

Nos medios de comunicación vemos a cotío que esa reflexión fundamental (e innata á condición humana) é esquecida e mesmo explotada comercialmente, como no anuncio feito pola empresa editora do último libro divulgativo de Stephen Hawking e Leonard Mlodinow (“El gran diseño”), que causou un enorme rebumbio por anunciar aos potenciais compradores do libro que alí verían algo así como unha demostración de que Deus non existe (aínda que, en realidade, no libro non se diga iso).

Dicir que o universo se creou a partir da *nada* é tan acto de fe como dicir que foi creado por Deus. A ciencia non poderá matar a Deus demostrando que o *todo* partiu da *nada*, nin tampouco demostrar a súa existencia. Ámbalas dúas posturas son indemostrables cientificamente por non existir un *algo* sobre o que a ciencia poida pousar os seus ollos para desenvolver un razoamento. Que queren que lles diga: a min paréceme duro razoar que da nada poida saír algo máis que a nada (ollo, o baleiro do universo é algo que xa ten existencia en si mesmo, é moi diferente da nada).

“Xa o dicía Einstein: é difícil para un físico escapar dun certo sentimento relixioso, na forma de asombro extasiado ante a harmonía e beleza da lei natural”



Georges Lemaître con Albert Einstein

É esta unha postura que atopei na maioría dos grandes científicos que coñezo; de feito, unha enquisa da revista *Nature* concluíu que a maioría deles non atopan incompatibilidade entre a súa condición profesional e a solución relixiosa para a pregunta sobre a creación. Moitos físicos estamos nese bando. E é que xa o dicía Einstein: é difícil para un físico escapar dun certo sentimento relixioso, na forma de asombro extasiado ante a harmonía e beleza da lei natural.

Jorge Mira Pérez  
Catedrático de Electromagnetismo  
Departamento de Física Aplicada  
Universidade de Santiago de Compostela

